

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

VENRES 9 DE SETEMBRO ÁS 20:00

O poeta galego Brais Gonzalez presenta o seu libro **Sangue sobre silencio** en Barcelona

Na Galería Sargadelos de Barcelona vaise realizar o vindeiro venres 9 de setembro ás 20:00h a presentación do libro de poemas *Sangue sobre silencio* (autoedición) do autor galego Brais González Pérez, que se verá acompañado na mesa de presentación polo doutor en filoloxía galega en Barcelona o profesor Camilo Valdehorras e mais o redactor en xefe do xornal galego *A Peneira*, Antón Fernández Escuredo, que versarán sobre a súa obra. Esta visita á capital da Cataluña coincide coa vontade de poñer en relación as culturas de ambos países que teñen a empresa e asociación organizadoras. Aparte do citado acompañarán o recital final os músicos Antonio Fernández á frauta doce e David Fernández ao acordeón. Informa **Ergac**.

- 17:35 07/09/2005

Brais González

Nasceu o 13 de xullo de 1988 nun pobo da Galiza Sul, de nome Salceda de Caselas, dentro da comarca do Condado, porén padece el de paixón verdadeira pola raíña miñota e o Val da Louriña onde se convoca o seu Santo Estevo de Budiño natal.

Membro desde o 2002 do grupo de acción poética e intervención social Redes Escarlata. Fixo a ESO no CPI Altamira, en Salceda de Caselas. Cursa estudos de 1º de bacharelato no I.E.S. Santa Irene (Vigo), e é posuidor dalgún premio literario como o "Anxel Casal" (de poesía e relato nos anos 2003 e 2004), así como o "Emilia Pardo Bazán", ou o "Premio Ourense para a Mocidade". Dáse a coñecer o primeiro de febreiro do 2003 (casualmente nun recital de Nunca Máis-Burla Negra) cunha reima de poesía revolucionaria que aínda hoxe continúa. É colaborador do xornal A Peneira.